

## **BASES DA PROMOCIÓN "RASCA E GAÑA" DA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTE E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO**

A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTE E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO producirá un total de 8.710 papeletas "Rasca e Gaña" mediante os que se sortearán 2.010 premios, e entregará 50 boletos a cada un dos seus establecementos asociados.

O reparto de boletos aos clientes efectuarase entre o 16 e o 31 de maio de 2018 ou ata fin de existencias nos comercios e empresas pertencentes á asociación.

Para que o boleto teña validez é imprescindible que estea selado polo establecemento emisor. Será criterio do responsable do establecemento comercial decidir o número de boletos a entregar a cada cliente segundo o volume de compra e ata finalizar as existencias.

### **PREMIOS:**

- 2.000 bolsas tela de algodón reutilizables.
- 10 tarxetas prepago de 50 € cada unha.

No caso de atopar un premio nunha papeleta o interesado terá que dirixirse co boleto premiado á oficina de de ACEBE CCA, ubicada na Pza. Mestre Xosé Dapena Nº 1 de Betanzos, en horario de 10:00 a 14:00 h. de luns a venres, onde o persoal da oficina se ocupará de xestionar a entrega do agasallo. As bolsas entregaranse automaticamente no momento de presentar o boleto premiado. As tarxetas prepago tramitaranse cando os premiados presenten os seus boletos e faciliten os seus datos á asociación. As tarxetas entregaranse unha vez que as emita a entidade bancaria.

En ningún caso os premios serán canxeables polo seu valor en efectivo. Non se considerarán válidos os boletos premiados cando nos mesmos se aprecien roturas, tachaduras, enmendas ou deterioros, ou cualquera outra alteración ou manipulación que impida ou dificulte a súa total e perfecta identificación e autenticación como boletos premiados.

Os gañadores das tarxetas terán que confirmar a aceptación do premio por escrito para poder recibilo mediante a sinatura dun documento que lles entregará ACEBECCA.

Os premios das tarxetas estarán suxeitos a ingreso a conta do IRPF, que correrá a cargo de ACEBE.CCA.

### **CONDICIÓNS XERAIS DA PROMOCIÓN:**

Non poderán participar na promoción o titular, os empregados ou ascendentes/descendentes directos do titular do establecemento emisor do boleto. Si poderán participar nos emitidos por outros establecementos asociados. Non poderán participar en ningún caso os empregados de ACEBE.CCA nin os membros da Xunta Directiva da Asociación. Os premios só poderán ser entregados a maiores de idade. No caso de que algún premiado sexa menor de 18 anos a entrega realizárase ós seus titores legais, que deberán acreditar documentalmente a súa condición.

As tarxetas prepago só se poderán canxear nos establecementos asociados a ACEBE CCA. O listado de establecementos estará dispoñible a través da páxina web [www.comerciodebetanzos.com](http://www.comerciodebetanzos.com). O incumprimento deste requisito pode provocar a devolución íntegra do premio por parte do premiado.

As tarxetas prepago serán emitidas por "la Caixa" e poderán ser utilizadas para a realización de compras a través de calquera TPV adherido ó sistema VISA sempre e cando as compras se efectúen en establecementos asociados a ACEBE CCA. En todo caso non se permitirá a utilización como medio de disposición de efectivo nin en caixeiros nin en entidades financeiras.

A data límite para reclamar o premio é o 30 de xuño de 2018.

A organización establece como prazo máximo para a entrega das tarxetas prepago o 30 de setembro de 2018.

Os concursantes poderán consultar as bases do presente sorteo durante o período no que estea vixente a promoción na páxina web [www.comerciodebetanzos.com](http://www.comerciodebetanzos.com).

Os premiados autorizan a ACEBE CCA para utilizar publicamente o seu nome e imaxe en medios e en calquera soporte divulgativo relacionado coa Campaña "RASCA E GAÑA" de ACEBE.CCA.

En cumprimento coa lexislación en materia de protección de datos, de acordo co establecido na Lei Orgánica de Protección de Datos 15/1999 informámolo de que os datos dos gañadores das tarxetas serán incorporados nun ficheiro propiedade de ACEBE CCA con domicilio na Praza Mestre Xosé Dapena 1, 15300 de Betanzos. Éstes poderán facer uso do dereito de acceso, rectificación e cancelación dos datos incorporados a este ficheiro, mediante comunicación ou personación nas oficinas de ACEBE CCA sinaladas anteriormente.

A participación no sorteo implica a aceptación íntegra das bases.